



Miguel Bouzó Rodríguez, Cristina Fernández Davila, Eva Gil Solla, Xosé Carlos Vázquez Míguez, Verónica Bargiela Pino e Francisco Aparicio Oliván, concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ponteareas, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno sobre **A SATURACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO NO INICIO DE CURSO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Volveu pasar. Iniciou un novo curso escolar e o transporte público que conecta Ponteareas con Vigo volveu saturarse. Isto provocou que veciñas e veciños que agardan nas paradas da N-120 o autobús procedente da Estación de Ponteareas quedasen tiradas vendo pasar o autobús cheo de persoas sen poder subirse a el. Deste xeito, non puideron chegar ao seu destino para desenvolver a súa xornada no seu lugar de traballo, centro de ensino, ou centros sanitarios na cidade de Vigo.

Se as persoas do rural que queren chegar a Vigo en transporte público xa atravesan unha odisea pola dificultade das conexións e a duración dos traxectos, esta saturación provoca que ademais chegar á parada a tempo non lles garanta poder chegar ao destino a tempo.

A situación repítese con frecuencia ao regreso, tendo que agardar as persoas usuarias durante horas até que pase un autobús que non estea completo.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón á Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a reforzar o transporte público en Ponteareas para dar resposta a todas as usuarias e usuarios que precisan o seu uso para desprazarse ao seu lugar de traballo, ensino, ou centros sanitarios na cidade de Vigo

Ponteareas, 13 de setembro de 2024.

Miguel Bouzó Rodríguez
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS